

COMUNICADO DE PRENSA **O CARBALLIÑO 04/05/17**

SAÍDA DO CONCELLO DO CARBALLIÑO DO PRAN DE AXUSTE

É unha noticia xa esperada dende finais do 2015, e que dende o Grupo Popular do Carballiño celebramos que sexa definitivo.

Temos que recordar que este plan foi aprobado no ano 2012 polo goberno do Partido Popular e valeu para que o Concello do Carballiño puxera un punto final ao incumprimento que era moi habitual coas pequenas e medianas empresas e autónomos que traballando para o Concello non cobraban dende facía anos. Fora un expediente de pago por un importe de 1,6 Millóns €, e fora posible facelo, gracias as medidas urxentes e extraordinarias que o Goberno de Rajoy permitira para endebedarse e pagar débeda en algún caso, que se arrastraban dende facía 5 anos atrás.

Era un plan que finalizaría no ano 2022 que xa dende o 2012 o goberno do Partido Popular pisou o acelerador para saír canto antes deixando en xuño do 15 en situación de saída do pran e que o actual goberno do PSOE tampouco deixou de lado, levándoo agora a bo fin.

Foron anos, por outro lado, que serviron para dignificar a todos aqueles que dunha forma ou doutra traballan externamente para o Concello, e que saben agora, que se se traballa se cobra, e que se debe de cobrar en menos de 30 días, pois as condicións de vixilancia do propio ministerio de facenda fixo que se traballara nelo.

Agora non debemos, como di o ministro de facenda, ir de borracheira para celebrar que deixamos de beber, senón que se debe de ser responsables e dar un paso máis, tal como fan xa noutras administracións locais que xa son modélicas, pois pensemos que saír do plan de axuste non pode significar que agora xa se poda pagar tarde, nin teñamos porque cumprir a regra de gasto, todo o contrario, invitamos ao Goberno municipal a **MANTER O RITMO DE PAGO, SEGUIR CUMPRINDO A REGLA DE GASTO, MANTERNOS NO EQUILIBRIO ORZAMENTARIO** e seguir a traballar por unha **DÉBEDA CERO** tal como xa se comenzara no anterior goberno municipal do PP, para dende aí volcarnos con inversións no Carballiño.

